


REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 18/02/2022 9:31:44

SAIDA

2588/22



Sr. vicepresidente segundo e
Conselleiro de
Economía, Empresa e Innovación
Edificio Administrativo de San
Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

Expediente: A.4.Q/ 63 /22

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2022

Sr. Conselleiro

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención don Jesús Rodríguez Domínguez con DNI 3 2 7 4 8 2 1 9 Z

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indicábanos *que se presentou a un proceso selectivo convocado por Expourense -organismo do cal ostenta vostede a Presidencia- para unha praza de "Director técnico deportivo". Que unha vez que comezou o proceso e non se tiña coñecemento da identidade das persoas que conformaban o Tribunal calificador, presentou recurso solicitando:*

- *Que se coñecera a identidade de quen es formarían o Tribunal por ver si algunha das persoas pudiera incurrir en incompatibilidade*
- *Que se publicara a Acta de Constitución do Tribunal*
- *Que se abriera prazo por si houbera reclamacións*

*O interesado indicaba, a maior abastanza, que Expourense lle contestara indicando que **ese organismo non era de natureza pública** e que xa se publicara a composición do Tribunal.*

Ante iso requirimos informe a Expourense e a esa Consellería, que xa nola remitiu. A Consellería remítenos o informe de Expourense que sinala o seguinte:

Como cuestión preliminar é preciso indicar que Expourense, segundo o establecido no artigo 113 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA), é unha fundación do sector público autonómico e polo tanto unha entidade instrumental do dito sector público. Se ben é certo que non pode exercer potestades públicas e que na data de emisión deste informe non cumpre a exigencia formal de que os seus estatutos estean autorizados por acordo do Consello da Xunta, materialmente si se entende que está incardinada no sector público autonómico toda vez que a condición de fundación do sector público autonómico se adquire cando na fundación concorre algunha das circunstancias que sinala o artigo 113 da LOFAXGA, e no caso de Expourense dáse a de que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, está formado en máis dun 50% por bens e dereitos achegados ou cedidos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (a achega da Xunta ao patrimonio fundacional un 57,83%).

A pesar da resposta efectuada por esta fundación, o desenvolvemento do proceso selectivo que fixo a fundación acomodouse aos principios de selección de persoal das entidades do sector público autonómico: principios de concorrencia, igualdade, publicidade, mérito e capacidade. De feito nas bases reguladoras da convocatoria para a selección do posto de director/a técnico/a deportivo de Expourense, sinálase expresamente o seguinte:

"O Tribunal actuará no exercicio das súas funcións conforme cos principios de mérito e capacidade, así como cos de transparencia e obxectividade no desenvolvemento do proceso selectivo. Na súa actuación actuará con independencia, confidencialidade e discrecionalidade técnica na apreciación da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos esixidos para o desempeño do posto, tendo en conta a súa consideración de especial responsabilidade e confianza."

Polo tanto, con independencia da resposta proporcionada por Expourense ao reclamante, o proceso de selección seguiu o establecido para as fundacións do sector público autonómico no artigo 116 da LOFAXGA, que establece o seguinte:

"Á contratación de persoal laboral fixo ao servizo das fundacións reguladas neste título seranlle aplicables as disposicións da lexislación galega sobre emprego público e as normas regulamentarias que a desenvolvan, relativas a:

a) Composición e funcionamento dos tribunais ou das comisións de selección.

b) Bases das convocatorias.

c) Probas de selección"

A Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (EXPOURENSE), previa elaboración das bases que rexerían o proceso selectivo, aprobadas polo Comité Executivo, convocou unha praza de Director/a Técnico/a Deportivo/a para completar a plantilla de persoal laboral da entidade. Publicáronse as bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e nos xornais de mais tirada.

En tal convocatoria, como é natural, figuraban os membros do tribunal (funcionarios con coñecementos técnicos sobre a materia) que en algún caso debían ratificar co seu nome e apelidos entidades que pertencen o Padroado da Fundación (Xunta de Galicia, Deputación Provincial e Concello de Ourense). Recibidas as comunicación de tales organismos se dita resolución que permanece no taboleiro de anuncios de Expourense ata o remate do proceso selectivo e se convocan aos membros para a súa constitución.

O reclamante D. Jesús Rodríguez Domínguez, xunto con outros 12 aspirantes, presenta a documentación para participar no proceso selectivo. Rematado o prazo previsto nas bases para presentar as solicitudes, son revisadas para comprobar que os solicitantes cumpren os requisitos esixidos e publícase a lista de ADMITIDOS e EXCLUIDOS. O reclamante é un dos candidatos ADMITIDOS.

Pasado o prazo de reclamacións réunese o Tribunal Cualificador para, seguindo as bases do proceso selectivo, valorar os méritos aportados por cada un dos aspirantes. Con esa valoración quedan fora do proceso selectivo os aspirantes que non alcanzan a puntuación esixida. Publícase a relación coa puntuación acadada por cada candidato, indicando día e hora da seguinte probaexame. O reclamante aparece en esa relación con unha boa puntuación pero non a mellor.

Coñecida a súa nota, a dos demais compañeiros, e con data fixada para a seguinte proba, é cando D. Jesús Rodríguez Domínguez envía, vía e-mail, un escrito dirixido o xerente de Expourense solicitando, entre outras cousas, a paralización do proceso. Contéstaselle que non procede a paralización do proceso e convócaselle con día e hora para revisar o expediente completo do proceso e recibir as aclaracións que considere.

Chegado o día e hora da seguinte proba o reclamante é o único aspirante que NON SE PRESENTA e de novo, (vía e-mail) remite unha reclamación, similar a anterior.

Entendendo contestada con anterioridade, e avanzado aínda mais o proceso, quedamos á espera de que acuda no día e hora sinalado para revisar o expediente.

NON ACUDE A REVISAR O EXPEDIENTE

A Confederación Intersindical Galega (CIG), aparentemente na súa representación, presenta por rexistro un escrito dirixido ao Presidente do Tribunal solicitando a composición do mesmo. O Tribunal é informado e remite á xerencia de Expourense as indicacións para elaborar unha contestación que é presentada no sindicato.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

a) Respecto da natureza pública do organismo convocante

PRIMEIRO. Mediante resolución asinada en Ourense o 14 de decembro de 2021, o director-xerente de Expourense resposta ao recurso presentado polo interesado sinalando *“En primer lugar, y vista dicha reclamación, procede desestimarla al no serle aplicable la legislación citada, por no estar dentro del sector público y mucho menos ser administración pública.” Como xa se indica no informe remitido a esta institución por parte da consellería de Economía e recollido como “Cuestión preliminar”, Expourense é un organismo de carácter público, ao abeiro do recollido no artigo 113 da Lei 16/2010 de 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA).* Xa que logo, elle de aplicación toda a normativa que rexe as convocatorias de procesos selectivos do sector público.

SEGUNDO. O Artigo 55 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) recolle os **Principios reitores**. "2. As Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.

b) *Transparencia.*

c) *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos Tribunais.*

d) *Independencia e discrecionalidad técnica na actuación dos Tribunais.*

e) *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*

f) *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección".*

b) Respecto do Tribunal

PRIMEIRO. O BOP de Ourense, número 252, do martes 2 de novembro de 2021 publicaba as *Bases reguladoras da convocatoria para a selección do posto de director/a técnico/a deportivo/a da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense)*. No seu punto 7) Tribunal de Selección, sinalaba o seguinte: O Tribunal de Selección, designado polo padroado, estará integrado polos seguintes membros e os seus suplentes: :

a. *Presidente/a: representante da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Economía, Empresa e Innovación. Suplente: director xerente de Expourense.*

b. *Secretario/a: directora de Administración – interventora da fundación. Suplente: técnico en instalacións deportivas de Expourense.*

c. *Vogais:*

- *Representante da Deputación de Ourense.***
- *Representante da Área de Deportes do Concello de Ourense.***
- *Representante da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.***

Os vogais suplentes serán designados polo organismo correspondente. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, os suplentes actuarán como titulares do Tribunal.

Serán de aplicación a este órgano as **instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril de 2007, modificadas polo acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de abril de 2010.**

SEGUNDO. O artigo 60 do EBEP **Órganos de selección** sinala o seguinte:

1. *Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á **paridade entre muller e home.***

2. *O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.*

3. *A **pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.***

Pola súa banda, o **artigo 53 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes** dispón que os tribunais e Tribunais "responderán ao principio de **presenza equilibrada de mulleres e homes**, salvo por razóns fundadas e obxectivas, debidamente motivadas", indicando na súa disposición adicional primeira que, para os efectos desta Lei, "entenderase por composición equilibrada a presenza de mulleres e homes de forma que, no conxunto a que se refira, as persoas de cada **sexo non superen o sesenta por cento nin sexan menos do corenta por cento**".

TERCEIRO. As **Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril de 2007, modificadas polo acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de abril de 2010** de aplicación neste caso, según se indicaba nas propias Bases do procedemento, sinalan o seguinte:

Artigo 4. Nomeamento e requisitos de composición.

1. Os tribunais de selección serán designados polo órgano convocante e **a súa composición formará parte do contido das correspondentes bases de convocatoria, podendo as propias bases remitirse para os efectos do seu nomeamento a un momento posterior, en cuxo caso a resolución pola que se designe ao tribunal terá o carácter de anexo das ditas bases e se publicará no Diario Oficial de Galicia.**

Pola contra, o nomeamento do Tribunal non foi publicado no BOP, tal e como o foran as Bases da convocatoria nin se deu conta do seu nomeamento nos xornais e tan só se publicou no taboleiro de anuncios de Expourense.

Malia que o informe remitido a esta instancia sinala que *En tal convocatoria, como é natural, figuraban os membros do tribunal (funcionarios con coñecementos técnicos sobre a materia) que en algún caso debían ratificar co seu nome e apelidos entidades que pertencen o Padroado da Fundación (Xunta de Galicia, Deputación Provincial e Concello de Ourense)*, debemos lembrar que a pertenza aos órganos de selección **é a título individual** e que nin na convocatoria figuraba a relación de persoas que compoñían o Tribunal nin dita relación foi publicada agás no taboleiro de anuncios.

CUARTO. O artigo 103 da Constitución establece que: “A Administración Pública sirve con obxectividade os intereses xerais e actúa dacordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometimento pleno á Lei e ao Dereito”. A Administración está obrigada a responder ao cidadán que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha reposta directa, rápida, **exacta e legal, fundada** en tempo e forma, **adecuada ao procedemento** que corresponda e **congruente** coas pretensións expresadas.

c) **Respecto do desenvolvemento das probas selectivas**

PRIMEIRO. Según figura nas Bases publicadas no BOP de Ourense:

8.2.3. Os/as candidatos/as que superasen as fases anteriores serán convocados/as, por orde alfabética, e cunha antelación mínima de 48 horas, para realizar ante o Tribunal a **exposición do seu exame práctico así como un relato sobre o coñecemento das potencialidades da fundación en materia deportiva, coñecemento do tecido asociativo e posibles sinerxías entre ambos**. Esta exposición terá unha duración máxima de vinte minutos. Os/as candidatos/as deberán presentarse á proba provistos/as de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade. O Tribunal establecerá a puntuación correspondente a cada candidato/a nesta segunda fase a través de resolución motivada, sen que a puntuación máxima correspondente á presentación da memoria poida exceder de 4 puntos

Non atopamos no informe da Administración referencia algunha ao desenvolvemento da proba práctica, si se levou a cabo aberta ao público ou si hai gravación da mesma.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese organismo o seguinte *recordatorio de deberes legais*:

- *Tendo en conta a natureza pública de Expourense, nos procedementos selectivos este organismo debe cumprir os criterios legais que son de aplicación ao sector público. Debe garantir a publicidade e transparencia das convocatorias, das Bases e, expresamente, da composición dos Tribunais de selección e achegando información exacta, legal e congruente ás persoas interesadas que a demanden*

As seguintes *suxestións*

- *Que por parte dese organismo se teña en conta, nos futuros procesos selectivos cuxas bases prevean unha entrevista personal ou exposición de memoria, e co fin de garantir os principios de publicidade e transparencia, que a mesma debe practicarse en acto público*
- *Que, respectando a independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección de persoal da administración pública, a fin de certificar que a selección se leva a cabo coa máxima transparencia, e sen prexuízo do levantamento da correspondente acta, se proceda a documentar (a través de videos, audios...) a realización das probas de carácter práctico ou as entrevistas que teñan como finalidade a avaliación das competencias e destrezas profesionais das persoas aspirantes a hora da súa adecuación os postos de traballo.*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo